



# FEPLAC

*Federación de Empresarios Productores de Lácteos*  
G-15707839

## **FEPLAC DENUNCIA NOVAS BAIXADAS NOS PAGOS DO LEITE ETREGADO NO MES DE ABRIL**

Dende Feplac cremos que o aplazamento do contrato homologado, nun principio para o 22 de maio, no seo da mesa do leite, na que lembramos esta organización non participa por non estar convocada, está servindo unha vez mais para beneficio das industrias co beneplácito dos representantes do sector nese foro, os cales están silenciando estas baixadas.

Por iso, os produtores profesionais e pioneiros na produción láctea, non entendemos que algunhas organizacións sindicais poidan aceptar unhas bases para un contrato que perxudica aos produtores ata onde esta organización coñece.

Isto é, quenes fai uns días estaban onde se asaltaban fábricas e o entendían, facendo ver que defendían aos gandeiros, agora queren un contrato como sexa e non se esforzan en defender os intereses dos produtores, e proba delo é que non queren que outros opinemos sobre o noso futuro.

As sabotaxes estanse producindo, como dixemos dende feplac no seu día, en mais baixadas de prezos para os produtores das que se esperaban dende un principio, xa que os pagos, entre 1 e 2 céntimos a baixa, nas entregas de abril están acumulando unhas perdas insoportables no sector productor, .baixadas que non vemos que se transmitan ao consumidor na mesma medida

Hai que ter en conta que xa levamos unhas baixadas ao longo de este ano 2008 que oscilan entre os 8 e os 11 céntimos de euro deixando o prezo medio por debaixo dos 40 céntimos, sendo éste o prezo de coste calculado a día de hoxe.

Por iso dende Feplac insistimos nun novo foro en que esteamos representados todos.